



**PLAN DE CONTINXENCIA**  
**PARA O CURSO 2020-2021**  
**CEIP NICOLÁS DEL RÍO**



## ÍNDICE

1. **INTRODUCCIÓN** .....Páx.3
2. **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO**.....Páx.3-4
3. **ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**.....Páx.5
4. **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**...Páx.6-7



## 1. INTRODUCCIÓN

Este Plan de Continxencia do CEIP Nicolás del Río ten por finalidade establecer os procesos para:

- A planificación de ensino virtual no caso de confinamento de grupos.
- O reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula ou etapa educativa do centro.

## 2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

- (1) Non asistirán ao centro aqueles alumnos/as, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- (2) Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro, seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocárselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado. Contactarase coa familia no caso de afectar ao alumnado.
- (3) Débese chamar centro de saúde de Atención Primaria de Cedeira ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- (4) No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a directora (na súa ausencia, un membro do equipo Covid) contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos



á Central de Seguimento de Contactos

(CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de COVID-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

- (5) A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- (6) Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
- (7) A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- (8) A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
  - 8.1. A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
  - 8.2. Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
- (9) A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
- (10) A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.



### **3. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

- (1) O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo e a plataforma de videoconferencia Webex . O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- (2) O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- (3) Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- (4) Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
  - 4.1. Empregar aulas virtuais en Ed.Primaria para continuar a actividade lectiva.
  - 4.2. O profesorado de Ed.Infantil titor decidirá a plataforma a empregar no caso dunha educación a distancia: aula virtual, páxina web, grupos de whatsapps.....
  - 4.3. Entregar libros, ordenadores e materiais ás familias, se fora necesario, a través do Concello de Cedeira e Protección Civil.
  - 4.4. Empregar Abalarmóbil, aula virtual, páxina web, correo electrónico, facebook e a vía telefónica para a comunicación coas familias.
  - 4.5. Videotitoriais do uso da aula virtual para as familias.
  - 4.6. Adecuación dos contidos e deseño das actividades para unha aprendizaxe a distancia positiva e o máis autónoma posible.



**3º,4º,5º e 6º de Ed.Primaria**

Segundo Resolución do 2 de novembro da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións relativas ao plan de ensino virtual:

- O alumnado terá o mesmo horario que no ensino presencial, dentro do cal, titores e especialistas destinarán como mínimo o 60 % á docencia virtual e o 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.
- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial.
- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual e Webex (tempos de conexión para videoconferencia establecidos nos horarios). O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

No caso de peche dun grupo, a dirección do centro enviará unha comunicación a través de AbalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do material.

**HORARIOS CLASES 3º,4º,5º e 6º de Ed.Primaria****3ºA**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Ed.Musical Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Lingua galega Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Inglés Conexión 10:00-10:30	Matemáticas	Lingua castelá	Lingua castelá	Ed.Física Conexión 10:00-10:30
10:45-11:30	Ciencias Sociais	C. Naturais Conexión 10:45-11:15	Ciencias Sociais Conexión 10:45-11:15	Relixión/ valores	Ciencias Sociais
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Lingua castelá Conexión 12:20-12:50	Lingua galega	Ed.Física	Lingua galega	Inglés
13:10-13:55	Lingua castelá	Lingua galega	Inglés	C.Naturais	Plástica

**3ºB**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Relixión/ valores	Matemáticas Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Lingua castelá Conexión 10:00-10:30	Lingua castelá	Ed.Física Conexión 10:00-10:30	Lingua castelá	Lingua galega Conexión 10:00-10:30
10:45-11:30	Lingua galega	Ed.Musical Conexión 10:45-11:15	Inglés Conexión 10:45-11:15	Lingua galega	Inglés
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Inglés Conexión 12:20-12:50	Lingua galega	Lingua castelá	Ciencias Sociais	Ciencias Sociais
13:10-13:55	Ed.Física	Ciencias Sociais	C. Naturais Conexión 13:10-13:30	C. Naturais	Plástica

**3°C**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Inglés Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Ed.Física Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Lingua castelá Conexión 10:00-10:30	Música Conexión 10:00-10:30	Lingua castelá	C. Naturais Conexión 10:00-10:30	Matemáticas
10:45-11:30	Ciencias Sociais Conexión 10:45-11:15	L.galega Conexión 10:45-11:15	Relixión /valores	L.galega	Lingua castelá
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Lingua castelá	Ciencias Sociais	Ciencias Sociais	Lingua castelá	L.galega
13:10-13:55	Inglés	C.Naturais	Ed.Física	Plástica	Inglés

**4°A**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Lingua castelá Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Lingua castelá	L.galega Conexión 10:00-10:30	Inglés Conexión 10:00-10:30	Ed.Física Conexión 10:00-10:30	Lingua castelá
10:45-11:30	Inglés	Lingua castelá	Investigar	Ed.Musical Conexión 10:45-11:15	L.galega
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Lingua castelá	C. Naturais Conexión 12:20-10:50	L.galega	C. Naturais	Relixión /valores
13:10-13:55	Ciencias Sociais Conexión 13:10-13:30	Ed.Física	Ciencias Sociais	Plástica	Inglés



**4ºB**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Lingua castelá Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Ed.Física Conexión 10:00-10:30	Lingua castelá	Matemáticas	Lingua castelá	Inglés Conexión 10:00-10:30
10:45-11:30	Lingua Galega	Lingua Galega Conexión 10:45-11:15	Inglés	Lingua Galega	Relixión/ valores
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Ciencias Sociais Conexión 12:20-13:10	C. Naturais	Lingua Galega Conexión 12:20-13:10	C. Naturais Conexión 12:20-10:50	Investigar
13:10-13:55	Inglés	Música Conexión 13:10-13:30	Ciencias Sociais	Ed.Física	Plástica

**4ºC**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Ed.Física Conexión 9:00-9:30	Lingua castelá Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Inglés Conexión 10:00-10:30	Matemáticas	Ed.Musical Conexión 10:00-10:30	Lingua castelá	Relixión/ valores
10:45-11:30	Lingua castelá	Lingua castelá	Lingua galega	Lingua galega Conexión 10:45-11:15	Inglés
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	C.Sociais Conexión 12:20-13:10	L.Galega	C.Sociais	Ed.Física	Lingua Galega
13:10-13:55	C.Naturais	Inglés	C.Naturais Conexión 13:10-13:30	Investigar	Plástica

**5ºA**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Relixión/ valores	Lingua galega Conexión 9:00-9:30	Lingua castelá Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Lingua galega	Lingua galega Conexión 10:00-10:30	Matemáticas Conexión 10:00-10:30	Matemáticas	Matemáticas
10:45-11:30	Inglés Conexión 10:45-11:15	Inglés	Lingua castelá	Ed.Física Conexión 10:45-10:15	Lingua galega
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Lingua galega	Ed.Física	Inglés	C.Naturais Conexión 12:20-13:10	C.Sociais Conexión 12:20-13:10
13:10-13:55	C.Naturais	C.Sociais	Plástica	Lingua castelá	Música Conexión 13:10-13:30

**5ºB**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Lingua galega Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Lingua castelá Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Ciencias sociais Conexión 10:00-10:30	Inglés Conexión 10:00-10:30	Lingua galega	Inglés	Matemáticas
10:45-11:30	Lingua castelá	Ciencia naturais Conexión 10:45-11:15	Relixión/ valores	Plástica	Música Conexión 10:45-11:15
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Lingua galega	Matemáticas	Lingua castelá	Lingua castelá Conexión 12:20-13:10	Lingua galega
13:10-13:55	Inglés	Ed.Física Conexión 13:10-13:30	Ciencias Sociais	C. naturais	Ed.Física

**5°C**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Inglés	C.Naturais Conexión 9:00-9:30	C.Sociais Conexión 9:00-9:30	Lingua Castelá Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Lingua galega Conexión 10:00-10:30	C.Sociais Conexión 10:00-10:30	Relixión/ valores	Lingua castelá	Música Conexión 10:00-10:30
10:45-11:30	Lingua castelá	Ed.Física Conexión 10:45-11:15	Lingua galega	Matemáticas	Matemáticas
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Inglés	Matemáticas	Matemáticas Conexión 12:20-13:10	Inglés Conexión 12:20-13:10	Ed.Física
13:10-13:55	C.Naturais	Lingua galega	Lingua castelá	Plástica	Lingua galega

**6ºA**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Lingua castelá Conexión 10:00-10:30	Lingua galega Conexión 10:00-10:30	Lingua castelá	Lingua galega	Inglés Conexión 10:00-10:30
10:45-11:30	Ciencias sociais	C.Naturais Conexión 10:45-11:15	Inglés	Ciencias sociais Conexión 10:45-11:15	Plástica
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Ed.Física Conexión 12:20-13:10	Lingua castelá	Relixión/ valores	C.Naturais	Investigar Conexión 12:20-13:10
13:10-13:55	Lingua galega	Inglés	Ed.Física Conexión 13:10-13:30	Música	Ciencias sociais



**6ºB**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:55-09:50	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	C.Naturais Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30	Lingua galega Conexión 9:00-9:30	Matemáticas Conexión 9:00-9:30
09:50-10:45	Lingua galega	Lingua galega	Inglés	Ed.Musical Conexión 10:00-10:30	C.Sociais
10:45-11:30	C.Sociais Conexión 10:45-11:15	Matemáticas	Lingua castelá Conexión 10:45-11:15	C.Sociais	Investigar Conexión 10:45-11:15
11:30-12:00	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:00-12:20	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:20-13:10	Ed.Física Conexión 12:20-13:10	Inglés Conexión 12:20-13:10	Ed.Física	Matemáticas	Inglés
13:10-13:55	Lingua castelá	Lingua castelá	Relixión/ valores	C.Naturais	Plástica

#### **4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

- **Fase 1 (Adecuación dos espazos)**

Duración: 1 semana.

O equipo COVID do cenro establecerá as actuacións a desenvolver en colaboración



coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 m entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

○ **Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

Duración: 1 semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos/as das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definíranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización dos espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-COV-2

○ **Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50%.

Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos/as.



◦ **Fase 4 (Fase de reactivación)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física.

Nesta fase xa todo o alumnado coñece as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.